

PEZA DO MES

abril

2026



A FOTOGRAFÍA ETNOGRÁFICA: ROMARÍA DE SAN VITOIRO

A fotografía etnográfica: romaría de San Vitoiro

«Nas miñas fotos sempre está o home ou polo menos a súa pegada»

Pola tarde a romaría adquire un colorido pagán, e son as danzas atoladas e as grandes esmorgas nos bosques até o amencer do outro día... Pero o principal, o resultante, é o comer, o beber e o bailar.

Así vía Eduardo Blanco Amor as romarías galegas nun artigo que publica en *La Nación* de Bos Aires no ano 1935, ilustrado coas fotos de José Suárez.

Desde que aparece a fotografía, a imaxe do home vai estar relacionada, por unha banda, coa idea do poder e, por outra, vai contribuír, debido aos avances das comunicacións que permitían viaxar máis facilmente, a coñecer outras civilizacións e ter acceso a outras culturas. Así van empezar a aparecer as primeiras imaxes etnográficas.

O período de entre guerras no século XX vai facer que a fotografía se preocupe por unha imaxe do home na súa relación co mundo do traballo, fundamentalmente, aínda que tamén aparece unha visión do home inmerso na súa vida cotiá, onde os costumes de cada pobo quedan patentes. Ao lado do home na súa relación co traballo aparece tamén o home en medio das súas tarefas cotiás.

Esta concepción humanista porase de manifesto na forma de abordar certos temas e tamén aparece nas fotos de J. Suárez. A relación do home coa súa contorna lévao nesta primeira época á preocupación polos oficios artesanais, consciente de que algún día, coa evolución da sociedade e o progreso indiscriminado da industria, que cambia as formas de relacionarse co mundo, poden desaparecer. Esta preocupación levarao, máis adiante, na súa viaxe ao Xapón a interesarse tamén polo mundo artesanal.

Esta fotografía pertence á serie que José Suárez fixo sobre a romaría de San Vitoiro en Allariz. Nela vemos todo o que podemos atopar nunha romaría: a misa, a procesión, o xantar, a festa, os diferentes personaxes

que atopamos nas romarías galegas como o cego das cántigas, a polbeira, a banda de música ou o fogueteiro que dá por finalizada a parte relixiosa para pasar á parte pagá da festa.

Vemos, nesta foto, a actitude distendida coa mirada ao lonxe do crego do primeiro plano e nun segundo plano atopamos a dous cregos nunha actitude un pouco máis forzada, onde intuímos a man do fotógrafo para dar ordes e colocalos de certa forma, o que lles confire certa artificialidade no posado.

É unha fotografía que se pode enmarcar dentro das series etnográficas que fixo nos anos trinta xunto coas series de *Oleiros*, *A Malla* ou *Beiramar*, que despois vai desembocar na serie *Mariñeiros*. Algunhas destas series responden ao encargo que lle fai Cifesa de facer uns documentais sobre o mundo artesanal galego, proxecto que inicia con *Mariñeiros* por terras do Morrazo e Rianxo, e que remata na Arxentina no exilio por mor da Guerra Civil.

Son series feitas cunha realización fotográfica moi coidada e nas que vemos a utilización de recursos estéticos que o aproximarán ás vangardas fotográficas europeas: encadramentos cortados, diagonalizacións, picados, contrapicados, seriación dos obxectos, cortes nos encadramentos ou encadramentos pouco usuais, como o dos gardas civís collidos por detrás. Son algúns destes recursos estéticos que utilizaban a Nova Visión ou Nova Obxectividade que lembran ás veces o cine soviético e que lle van permitir unha aproximación novidosa á realidade sen deixalo de facer de forma obxectiva.

Escollín esta foto de entre as que conserva o museo para poñer de manifesto, entre outras cousas, un dos recursos que vai adoptar José Suárez ao longo de toda a súa carreira fotográfica: unha toma clásica na que predomina a pose das persoas retratadas e a posta en escena como se se tratase da preparación dunha escena antes de rodala. Influenciado polo cine, ao que dedicou unha parte da súa vida, a pose que adoptan os retratados, a preparación da escena e o feito de non mirar para a cámara van ser características moi presentes na súa fotografía á hora de afrontar o retrato do home. E nesta, en concreto, estamos esperando escoitar a voz de «cámara, acción...».

Este recurso, esta forma de abordar o retrato, verémolo tamén nos mariñeiros, nos gauchos da Pampa, nos ovelleiros de Terra do Fogo, nos

campesiños da Mancha e, por suposto, en todos os retratos que fai aos seus amigos. A cámara tiña que pasar desapercibida e que mellor forma que non mirar para ela.

Nestas series non quere presentarnos unha imaxe símbolo, unha imaxe que idealice os seus personaxes, quere presentarnos o individuo tal como é, inmerso nunha realidade concreta, eliminando a frontalidade, a rixidez e a verticalidade máis estrita das que falaba Maside no seu artigo *En torno á fotografía popular*, en *Pintura actual en Galicia* (1951). Todo o contrario pasa nas súas fotografías, as composicións simétricas dos personaxes, o hieratismo e o xesto que vemos na fotografía popular van ser suprimidos. Coa mirada ao lonxe dos cegos, dos mariñeiros, dos campesiños da Mancha, ou co personaxe do fogueteiro ou da xente bailando nesta serie, ou cos retratos de Unamuno ou Bergamín, José Suárez rompe con ese estatismo, para darlle un certo dinamismo e instantaneidade á imaxe.

Presentar a realidade tal como é, exenta de virtuosismos artísticos ou manipulacións que poidan maquillar esa realidade, é a súa idea. Por outra banda, José Suárez pretende descompoñela, como fixera Walker Evans, en unidades fotográficas para darnos unha visión analítica do que nos presenta. As imaxes vanse agrupando coherentemente dentro do seu conxunto, cunha relación dunhas coas outras contribuindo a entender mellor o mundo que rodea os homes e dándolle un sentido global a toda a serie ao máis puro **estilo documental**: observar, explorar e coñecer o mundo reproducindo con fidelidade o que ve.

Tampouco busca o potencial informativo coas súas fotografías como podían ter as fotografías de tipos de principios do século XX, onde aparecía a fotografía como unha ferramenta de información, ás veces cunha finalidade científica de estudo. J. Suárez busca a descrición dun feito concreto e para iso utiliza unha serie de recursos estéticos que non tiñan estas fotografías, aínda que co paso do tempo tamén adquira este valor científico pola información que nos achegan. Co paso do tempo a súa fotografía cobra valor etnográfico ao permitírnos reparar, por exemplo nesta fotografía da Romaría de San Vitoiro, nos hábitos dos cegos, sobre todo no barrete do crego do primeiro plano ou na estrutura desa casa rural que ben podería ser a casa reitoral da pequena aldea de San Vitoiro, elementos que están ancorados en tempos pasados e que quedan na imaxe para testemuñar deles.

Antes de tratar un tema sempre se informaba para mellor representar o mundo que o rodeaba, como facían os pintores xaponeses aos que tanto admiraba. Transcribe o que ve sen falsas manipulacións e ás veces cunha gran carga poética, tratando de dignificar sempre as persoas e o mundo que as rodea, e fuxir de introducir aspectos moralizantes ou de presentar unha denuncia dunha situación social dada. O achegamento que fai ao home tampouco é polo tanto o mesmo que aparece noutras fotografías da época, onde se presenta o home inmerso nunha situación produto dunha desigualdade social. O seu lema sempre foi: «*Non violento xamais a vida que atopo ao meu lado*», xa que a violencia «deforma» – como dicía Luis Tobío ao falar das súas fotos– e José Suárez quería fuxir diso.

José Suárez ao longo da súa vida sempre lle deu moita importancia a estas series e sobre todo á dos *Mariñeiros*. Cando chega á Arxentina é o tema da primeira exposición que fai e tamén o da derradeira, en 1971, no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, sobre os *Mariñeiros*. Así quería el *...xustificar esta mostra como unha... homenaxe aos MARIÑEIROS que crearon a riqueza das nosas rías, co tenaz esforzo que agora proseguen ao longo de mares afastados mantendo vivo o ronsel espiritual que os une a Galiza*. Recorría a eles como unha obsesión, e cunha certa nostalgia da súa terra, converténdoo na única referencia válida para el da Galiza no exilio.

O home ten que estar ancorado na historia –dicía Roland Barthes–; non se pode illar da súa realidade cotiá. Este retorno á súa terra natal a través das imaxes xa o vía Luís Seoane no seu artigo «Arte na terra», publicado en *Alento* en 1934 : «*É indubidable que a arte é internacional, pero o artista debe ser nacional, e a súa obra terá a forza da realidade que o enmarque...*» esta afirmación podese aplicar a toda a fotografía de José Suárez e, en particular, a estas series realizadas en Galiza e que están fondamente ancoradas nunha realidade que lle é familiar e que el coñece ben.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xosé Luis Suárez Canal

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: José Suárez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

PEZA DO MES

abril

2026



A malla
ca. 1932



Beiramar
ca. 1932



Oleiros
ca. 1932



Romaría de San Vitoiro.
Os do gorro atravesado
ca. 1932

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

FOTOGRAFÍA: José Suárez

ISSN: 1579-9956

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense



Xacobeo  2027